

## CUESTIONARIO DA ENQUISA DE AVALIACIÓN DOCENTE DO PROFESORADO

*Aprobado no Consello de Goberno do 19 de outubro de 2012*

<b>1. Considero que:</b>
1.1 Esta materia é importante para a miña formación
1.2 Os créditos asignados á materia gardan proporción co volume de traballo programado para superala.
1.3 A guía docente (ou programa) da materia está dispoñible e é accesible con facilidade.
1.4 A guía docente (ou programa) da materia recolle os obxectivos, contidos, a metodoloxía, a bibliografía, o sistema de avaliación,... de forma comprensible e detallada.
1.5 A coordinación entre o profesorado da materia é axeitada. <i>(Contestar só no caso de materias impartidas por mais de un/ha profesor/a)</i>
<b>2. Penso que as condicións (espazo, equipamento, material, nº de alumnos/as..) nas que se desenvolve a docencia desta materia son satisfactorias no relativo a:</b>
2.1 Clases Teóricas
2.2 Prácticas (laboratorio, obradoiros, de campo,...)
<b>3. Creo que o/a profesor/a prepara e organiza ben as actividades ou tarefas que se realizan en:</b> <i>(contestar só o(s) apartados que corresponda)</i>
3.1 Clases teóricas
3.2 Clases Prácticas (laboratorio, obradoiros, de campo,...)
3.3 Outras (resolución de exercicios, estudo de casos, seminarios,...)
3.4 Traballo autónomo do alumnado (traballos tutelados, proxectos, documentación,...)
<b>4. O/A profesor/a favorece a participación e motivación do alumnado no desenvolvemento das actividades da materia.</b>
<b>5. O/A profesor/a resolve con claridade as dúbidas que se lle formulan (en clase, titorías, plataformas de docencia virtual,...)</b>
<b>6. As actividades desenvolvidas polo/a profesor/a adecúanse ao recollido na guía docente (ou programa).</b>
<b>7. Os coñecementos, as habilidades e as actitudes propostas na guía docente (ou programa) desenvólvense axeitadamente polo/a profesor/a.</b>
<b>8. As actividades desenvolvidas polo/a profesor/a (clases teóricas, prácticas, traballos,..) contribuíron a acadar os obxectivos da materia.</b>

**9. Os recursos (bibliografía, materiais, recursos virtuais, exercicios,...) facilitados e recomendados polo/a profesor/a foron útiles para acadar os obxectivos da materia.**

**10. O/A profesor/a facilitou a miña aprendizaxe (mellora dos meus coñecementos, competencias, habilidades,... descritos na guía docente ou programa)**

**11. (Contestar só no caso de ter realizado algunha proba ou exame da materia con este/a profesor/a, ou no caso de avaliación continua da materia)**

11.1 Os criterios e sistema de avaliación empregados polo/a profesor/a axústanse ao recollido na guía docente (ou programa).

11.2 O/A profesor/a aplica dun modo axeitado os criterios de avaliación recollidos na guía docente (ou programa).

11.3 O nivel de esixencia (cualificacións,...) axústase ás aprendizaxes acadadas.

**12. En xeral, estou satisfeito co labor docente deste/a profesor/a.**